

pedas existentes no territorio estatal, sempre que fosen ou sexan formalmente creados pola correspondente comunidade autónoma.

2. A comisión xestora elaborará, no prazo de seis meses contado desde a entrada en vigor desta lei, uns estatutos provisionais reguladores dos órganos de goberno do Consello Xeral de Colexios de Logopedas, nos que se deberán incluí-las normas de constitución e funcionamento dos ditos órganos, con determinación expresa da competencia independente, aínda que coordinada, de cada un deles.

3. Os estatutos provisionais remitiranse ó Ministerio de Sanidade e Consumo, que verificará a súa adecuación á legalidade e ordenará, se é o caso, a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición transitoria segunda. *Constitución do Consello Xeral de Colexios de Logopedas.*

1. O Consello Xeral de Colexios de Logopedas quedará formalmente constituído e adquirirá personalidade xurídica e plena capacidade de obrar no momento en que se constituían os seus órganos de goberno conforme o previsto nos estatutos provisionais a que se refire a disposición anterior.

2. No prazo dun ano desde a súa constitución, o Consello Xeral de Colexios de Logopedas elaborará os estatutos previstos no artigo 6.2 da Lei de colexios profesionais, que serán sometidos á aprobación do Goberno por proposta do ministro de Sanidade e Consumo.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor ós 20 días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 10 de marzo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

4927 *REAL DECRETO 276/2003, do 7 de marzo, polo que se regula o Rexistro estatal de centros docentes non universitarios.* («BOE» 60, do 11-3-2003.)

A Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa, dispoñía no seu artigo 54 a obrigatoriedade da inscrición de tódolos centros docentes establecidos en España e os centros docentes españois no estranxeiro no Rexistro Especial do Ministerio de Educación e Ciencia, hoxe Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e ó seu abeiro dictouse o Decreto 786/1972, do 2 de marzo, polo que se regula o Rexistro especial de centros docentes.

O artigo 13 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación (LODE), establece que tódolos centros docentes terán unha denominación

específica e se inscribirán nun rexistro público dependente da Administración educativa competente, que deberá dar traslado dos asentos rexistrais ó Ministerio de Educación e Ciencia, hoxe de Educación, Cultura e Deporte, no prazo máximo dun mes.

O Tribunal Constitucional, na Sentencia 5/8, do 13 de febreiro, atribúe un papel esencial ós rexistros de centros dentro do sistema educativo, ó sinalar que «...os poderes públicos non poderán realiza-las funcións de inspección e homologación do sistema educativo (artigos 27.8 e 149.1.30.^a da Constitución), se non existe no correspondente órgano da Administración un rexistro público de centros debidamente identificado».

Unha vez culminado o proceso de traspaso de funcións e servicios en materia educativa ás comunidades autónomas, resulta necesario acometer unha revisión do citado Decreto 786/1972, para adecua-lo seu alcance e contido á dobre función actual deste, por un lado como xestor dos datos rexistrais dos centros dependentes da Administración xeral do Estado, e, por outro, como receptor dos datos correspondentes ós centros das comunidades autónomas, así como ás esixencias derivadas do actual sistema educativo e do complexo contexto social e xurídico no que proxecta a súa actuación.

Neste sentido, os sucesivos reais decretos de traspaso de funcións e servicios ás distintas comunidades autónomas en materia de ensino non universitario, en cumprimento do artigo 13 da Lei orgánica 8/1985 antes citada, reservaron á Administración do Estado a función de inscrición de tódolos centros docentes no rexistro dependente do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Igualmente, os mencionados reais decretos establecen unha serie de funcións concorrentes e compartidas entre a Administración do Estado e as comunidades autónomas, para unha mellor coordinación, funcións entre as que se inclúen dúas directamente relacionadas co Rexistro de centros. A primeira delas menciona de maneira expresa a coordinación dos rexistros de centros docentes, para o que as comunidades autónomas deberán remitir ó Ministerio de Educación, Cultura e Deporte os datos precisos para a actualización do rexistro dependente daquel e a Administración do Estado remitirá á comunidade autónoma cantos informes lle sexan solicitados por esta. A segunda define, como un dos instrumentos básicos para esta coordinación, o mantemento de bases de datos informatizadas relativas a centros docentes. Estas bases de datos serán de utilización conxunta, prevéndose para o efecto o establecemento de mecanismos que permitan o fluxo continuo e recíproco de información entre o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e as comunidades autónomas.

A nova regulación pretende acomodarse ós principios que deben rexe-las relacións entre as administracións públicas, a teor do disposto no título I da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, no relativo á posta en marcha de instrumentos de cooperación que faciliten a compatibilidade informática, así como a transmisión telemática dos asentos rexistrais.

De igual modo, tívose en conta a necesidade de satisfacer o dereito de acceso ós arquivos e rexistros públicos, seguindo o teor do previsto na citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, e o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como na orde ECD/2063/2002, do 1 de agosto, pola que se regulan os ficheiros automatizados con datos de carácter persoal do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e os seus organismos autónomos.

Por último, perséguese obte-la máis alta calidade no funcionamento do Rexistro estatal de centros docentes non universitarios, mediante a aplicación de tecnoloxías

c da información, co fin de lles dar ós datos do rexistro a funcionalidade que a Administración e a sociedade demandan, así como mediante a creación dunha comisión técnica de seguimento que propoña as modificacións necesarias ó respecto.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiu dictame o Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de marzo de 2003,

DISPÕÑO:

Artigo 1. *Fins.*

O Rexistro estatal de centros docentes non universitarios é o órgano da Administración xeral do Estado, dependente do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, encargado de inscribi-las situacións resultantes dos actos administrativos de creación, autorización, supresión, extinción e modificación dos centros docentes de ensino non universitario, tanto públicos coma privados, de conformidade co previsto nas disposicións legais e regulamentarias.

Artigo 2. *Natureza.*

1. A natureza do Rexistro estatal de centros docentes non universitarios é pública. Esta publicidade terá o alcance e límites previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e demais disposicións dictadas no seu desenvolvemento, así como na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Este rexistro constitúese a partir dos datos sobre os centros docentes incluídos nos rexistros dependentes das administracións educativas competentes, en virtude do establecido polo artigo 13 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación (LODE), e polos distintos reais decretos de traspaso de funcións e servizos ás comunidades autónomas.

Artigo 3. *Funcións.*

O Rexistro estatal de centros docentes non universitarios realizará as seguintes funcións:

a) Inscribir e anota-las situacións resultantes dos actos administrativos relativos ós centros docentes comprendidos no ámbito de competencia do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co que se establece nos artigos 5 e 6 deste real decreto.

b) Inscribir e anota-las situacións resultantes dos actos administrativos correspondentes ós centros docentes do ámbito de competencia das comunidades autónomas, de acordo co que se establece nos artigos 5 e 6 deste real decreto.

c) Impulsa-la colaboración cos correspondentes rexistros das comunidades autónomas, co fin de facilita-la compatibilidade informática e a transmisión telemática dos datos rexistrais.

d) Posibilitar-lles a tódalas administracións educativas o acceso a unha información completa, uniforme e actualizada sobre os datos dos centros contidos no rexistro.

e) Facilita-lo acceso ós datos do rexistro, de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, e na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

f) Impulsa-la implantación e desenvolvemento de aplicacións e procesos informáticos que contribúan a unha mellora da xestión da base de datos do rexistro e a unha explotación eficiente desta.

g) Elaborar estudos e informes baseados nos datos sobre os centros docentes rexistrados.

Artigo 4. *Adscrición e estrutura.*

O Rexistro estatal de centros docentes non universitarios dependerá da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, coa estrutura que no seu momento se determine.

Artigo 5. *Ámbito rexistral.*

1. No Rexistro estatal de centros docentes non universitarios inscribíranse tódolos centros docentes, de titularidade pública ou privada, que impartan ensinanzas regradas non universitarias, así como calquera outro, sempre que así o estableza unha disposición de rango legal ou regulamentario.

2. Reflectíranse, así mesmo, as actuacións administrativas de creación, autorización, supresión, extinción e modificación concernentes ós centros sinalados no punto anterior.

Artigo 6. *Contido básico.*

1. O contido básico que ten que figurar na inscrición dun centro no Rexistro estatal de centros docentes non universitarios descríbese no anexo I deste real decreto, sen prexuízo de que no futuro, de común acordo coas distintas administracións educativas, este poida ampliarse a outro tipo de información de utilidade pública.

2. O contido do Rexistro estatal de centros docentes non universitarios recollerase mediante medios informáticos nunha base de datos que dea soporte ás distintas aplicacións que precisen da información nel contida, que permita unha áxil consulta da información e facilite a súa posta á disposición das administracións educativas.

Artigo 7. *Procedemento para a actualización do rexistro.*

1. As unidades administrativas do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte responsables da xestión de centros docentes pertencentes ó ámbito deste rexistro colaborarán de maneira activa no mantemento actualizado deste, comunicando ós responsables do rexistro tódalas alteracións que se produzan nestes centros.

2. As administracións educativas das comunidades autónomas, de conformidade co previsto no artigo 13 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, darán traslado dos seus asentos rexistrais ó Rexistro estatal de centros docentes non universitarios, no prazo máximo dun mes, contado desde a data en que foron practicados, en aplicación dos principios contidos no artigo 4.1.c) e d) da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Os asentos rexistrais citados deberán recolle-los datos do contido básico a que fai referencia o artigo 6.

3. O traslado dos asentos rexistrais a que se refire o punto anterior farase por procedementos informáticos, de acordo coas especificacións do ficheiro de intercambio que se describen no anexo II.

4. O Rexistro estatal de centros docentes non universitarios manterá actualizado un libro de rexistro que poderá te-la forma dun ficheiro informático coas debidas garantías de integridade e actualización, no que consten

tanto as inscricións e modificacións remitidas polas comunidades autónomas, de acordo co ficheiro de intercambio anteriormente mencionado, como aquelas correspondentes ós centros do ámbito de xestión do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Neste libro recolleranse apuntes sobre cada comunidade autónoma, data de recepción, de carga, de efectividade, contido e observacións relevantes.

5. As ampliacións do contido a que alude o artigo 6 darán lugar ás correspondentes modificacións na estrutura do ficheiro de intercambio, de común acordo coas administracións educativas implicadas.

Artigo 8. *Rectificación de erros.*

No suposto de que, durante a recepción e actualización do ficheiro do Rexistro estatal de centros docentes non universitarios, se detecte a existencia de erros nos datos, porase en coñecemento do titular do órgano administrativo competente, para que proceda á súa rectificación ou emenda no prazo máis breve posible, co fin de que poidan figurar correctamente no rexistro.

Artigo 9. *Consultas.*

1. De acordo co disposto no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, o Rexistro estatal de centros docentes non universitarios estará á disposición dos cidadáns.

2. Calquera certificación referida a un centro que se solicite ó Rexistro estatal de centros docentes non universitarios canalizarase á Administración educativa correspondente, co fin de que actúe de acordo cos procedementos que teña establecidos para o efecto, e informarase ó solicitante neste sentido.

Artigo 10. *Instrumentos de colaboración e coordinación.*

A colaboración e coordinación entre as administracións educativas das comunidades autónomas e a Administración educativa do Estado en relación cos rexistros de centros docentes manifestarase a través dos seguintes instrumentos:

a) Os sistemas informáticos que desenvolvan as distintas administracións educativas e que deberán permitir a compatibilidade das distintas aplicacións e o establecemento de sistemas de intercomunicación.

b) A creación dunha comisión técnica de seguimento, con participación de representantes de cada unha das administracións educativas implicadas, que terá como función principal a de acordar os aspectos técnicos que afecten a ampliación do contido básico e as modificacións correspondentes na estrutura do ficheiro de intercambio. Por orde ministerial regularase o regulamento de funcionamento da referida comisión.

c) Os códigos, claves e formatos que contribúan á homoxeneidade dos ficheiros e que serán fixados pola comisión indicada na alínea anterior.

Disposición adicional única. *Non incremento de gasto público.*

O funcionamento do Rexistro estatal de centros docentes non universitarios non suporá incremento de gasto público e será atendido cos medios persoais e materiais actuais da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Disposición transitoria única. *Período de adecuación.*

As administracións educativas procederán, en prazo non maior de tres meses contado desde a entrada en vigor deste real decreto, a adecuar os mecanismos que fagan posible o intercambio de información, de acordo co establecido neste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Decreto 786/1972, do 2 de marzo, polo que se regula o Rexistro Especial de Centros Docentes, así como tódalas normas de igual ou inferior rango, que se opoñan ó establecido neste real decreto.

Non obstante, e mentres non se dea cumprimento ó previsto na disposición transitoria única, serán aplicables aqueles preceptos do mencionado decreto que sexan necesarios para o correcto funcionamento do Rexistro estatal de centros docentes non universitarios.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto, que ten carácter de norma básica, dítase en virtude do establecido nos artigos 27.8 e 149.1.30.^a da Constitución e no artigo 13 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Educación, Cultura e Deporte a dictar cantas disposicións sexan necesarias para desenvolver-lo previsto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 7 de marzo de 2003.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,
PILAR DEL CASTILLO VERA

ANEXO I

Contido básico

1. Datos de identificación.
 - 1.1 Código do centro.
 - 1.2 Denominación específica.
2. Datos de situación.
 - 2.1 Domicilio.
 - 2.2 Código postal.
 - 2.3 Localidade.
 - 2.4 Municipio.
 - 2.5 Comarca.
 - 2.6 Subdivisión administrativa provincial.
 - 2.7 Provincia.
 - 2.8 Comunidade autónoma.
 - 2.9 País.
3. Datos sobre tipificación.
 - 3.1 Tipo de centro.
 - 3.2 Denominación xenérica.
 - 3.3 Natureza do centro
 - 3.4 Ámbito.
 - 3.5 Localidades do centro agrupado.
 - 3.6 Situación do centro.

c

- 3.7 Estado do centro
- 3.8 Código do centro do que depende.
- 4. Datos sobre titularidade.
 - 4.1 Tipo de titular(es) do centro.
 - 4.2 Nome do titular(es).
 - 4.3 NIF/CIF do titular(es).
 - 4.4 Administración que crea ou autoriza o funcionamento do centro.
- 5. Datos sobre acción administrativa.
 - 5.1 Tipo de disposición.
 - 5.2 Data da disposición.

- 5.3 Tipo de publicación.
- 5.4 Data de publicación.
- 6. Datos sobre ensinanzas autorizadas.
 - 6.1 Ensino autorizado.
 - 6.2 Modalidade de ensino.
 - 6.3 Concerto/subvención.

Nota: co fin de facilita-la coordinación entre os diferentes rexistros de centros docentes, o sistema de asignación de códigos dos datos xeográficos de situación dos centros será o establecido con carácter xeral polo Instituto Nacional de Estatística no seu nomenclátor das cidades, vilas, lugares, aldeas e demais entidades de poboación.

ANEXO II

Especificacións do ficheiro de intercambio

O ficheiro de intercambio componse dun rexistro de cabeceira, seguido polos rexistros de datos do centro

Estructura do rexistro de cabeceira

Posición	Campo	Tipo de datos	Táboa de códigos/descripción
0001-0001	Identificador de rexistro de cabeceira	a(1)	Valor: "0"
0002-0007	Envío	aaaaaa(6)	aa → Código da comunidade autónoma (TÁBOA 14) aa → Ano aa → Número do envío
0008-0020	Data do envío	aaaammdd(8)	aaaa → Ano mm → Mes dd → Día
0016-0020	Número de rexistros de datos enviados	nnnnn(5)	
0021-0025	Número de centros que figuran no envío	nnnnn(5)	
0026-2420	Observacións	a(2395)	

Estructura do rexistro de datos do centro

Posición	Campo	Tipo de datos	Táboa de códigos/descripción
0001-0001	Identificador de rexistro de datos	a(1)	Valor: "1"
0002-0007	Número do envío	aaaaaa(6)	aa → Código da comunidade autónoma (TÁBOA 14) aa → Ano aa → Número do envío
0008-0012	Número de orde dentro do envío	nnnnn(5)	Número correlativo
0013-0013	Tipo de rexistro enviado	a(1)	TÁBOA 1
0014-0015	Tipo de disposición, se existe. En caso contrario: "I"	aa(2)	TÁBOA 2
0016-0031	Código da disposición, se existe. En caso contrario: "0000000000000000"	a(16)	Leis, reais decretos, decretos ou ordes ministeriais que conteñen a disposición
0032-0036	Tipo de publicación na que aparece a disposición, se existe. En caso contrario: "COM" + "Código da comunidade autónoma"	aaaaa(5)	TÁBOA 3
0037-0044	Data de publicación, se existe. En caso contrario: "data do envío"	aaaammdd(8)	aaaa → Ano mm → Mes dd → Día
0045-0049	Número dentro da de publicación, se existe. En caso contrario: "00000"	aaaaa(5)	
0050-0057	Data da sinatura, se existe. En caso contrario: "data de publicación"	aaaammdd(8)	
0058-0065	Data de efectividade do rexistro enviado. Se non existe: "data de publicación"	aaaammdd(8)	Só debe utilizarse cando teña que constar no rexistro, ou ben unha situación anterior á última rexistrada, ou ben unha situación a efectividade da cal queda postergada a unha data posterior á de publicación
0066-0067	Número de secuencia	nn(2)	Indica a secuencia de rexistros para un mesmo centro e data de efectividade. Por defecto: 50
0068-0075	Código do centro	ppnnnnd(8)	pp → Cód. provincia nnnn → N° correlativo d → Díxito de control
0076-0375	Denominación específica. Se non existe: "Branco"	a(300)	
0376-0455	Domicilio	a(80)	
0456-0460	Código postal	aaaaa(5)	Código postal que aparece na guía editada por Correos e Telégrafos

Posición	Campo	Tipo de datos	Táboa de códigos/descripción
0461-0469	Código de localidade	aaaaaaaa(9)	Código da entidade singular correspondente, que figura no Nomenclátor do INE co formato; ppmmmccss: pp → provincia mmm → Municipio cc → Entidade colectiva ss → Entidade singular
0470-0472	Código da denominación xenérica ¹	aaa(3)	TÁBOA 4
0473-0476	Código do tipo de centro ¹	aaaa(4)	TÁBOA 5
0477-0477	Natureza	a(1)	TÁBOA 6
0478-0478	Ámbito	a(1)	TÁBOA 7
0479-0928	Localidades do ámbito, se existen. En caso contrario: "BRANCOS"	a(9)*50=a(450)	Poderán recollerse ata 50 códigos, nos centros que dispoña de ámbito
1-9	Código INE de localidade	a(9)	Código da entidade singular correspondente, que figura no Nomenclátor do INE co formato ppmmmccss: pp → Provincia mmm → Municipio cc → Entidade colectiva ss → Entidade singular
0929-0929	Activo/Non activo	a(1)	TÁBOA 8
0930-0937	Código do centro de dependencia, se existe. En caso contrario: "BRANCOS"	a(8)	pp → Código da provincia nnnn → N° correlativo d → Díxito de control
0938-0938	Organismo que crea/autoriza o funcionamento e modalidade do centro	a(1)	TÁBOA 9
0939-1520	Titulares do centro	a(97)6=a(582)	Ata 6 titulares. Polo menos debe figurar un.
01-02	Tipo de titular	a(2)	TÁBOA 10
03-17	NIF/CIF do titular	a(15)	
18-97	Nome do titular	a(80)	
1521-2420	Ensinanzas autorizadas	a(18)50=a(900)	Ata 50 ensinanzas
01-08	Código do ensino	a(8)	TÁBOA 11
09-09	Modalidade	a(1)	TÁBOA 12
10-10	Concerto/convenio. Valor por defecto: "NON"	a(1)	TÁBOA 13
11-12	N° de unidades autorizadas. Se non se proporciona: "BRANCOS"	nn(2)	Dato non rexistral Utilízase unicamente en casos convidados
13-16	N° de postos escolares. Se non se proporciona: "BRANCOS"	nn(4)	Dato non rexistral Utilízase unicamente en casos convidados

Observacións:

- O **registro de cabeceira** permite o control dos envíos que se producen entre as comunidades autónomas e o Rexistro estatal de centros docentes non universitarios.
- O registro de datos dos centros reflicte a situación dun centro, nos seus atributos rexistrais, despois de cada disposición ou acción administrativa que a correspondente comunidade autónoma considere que o modificou, dentro do período entre dous envíos.
- Un centro pode aparecer varias veces nun mesmo envío, sempre que cada unha delas indique unha situación distinta.
- A orde na que aparezan os rexistros dun mesmo centro determina a secuencia das situacións.
- Os datos serán todos do tipo carácter alfanumérico (codificación ASCII): as letras utilizadas na columna "**Tipo de datos**" (a,n,p,m,...) fan referencia unicamente ó contido.
- Os datos de tipo numérico deberán ir aliñados á dereita. O resto, á esquerda.
- As táboas que conteñen listas de valores e ás que se fai referencia nestas especificacións técnicas encóntranse na área de intercambio do rexistro e poderán ser alteradas cando a comisión técnica o considere oportuno para satisfacer as necesidades que se xeren da propia evolución do sistema educativo, de acordo co establecido neste real decreto.
- En consecuencia do anterior, o propio rexistro de intercambio poderá ser alterado por proposta da citada comisión.

¹ A codificación destes dous campos é alternativa: se se proporciona a codificación **Denominación xenérica**, o **Tipo de centro** é deducible (**Denominación xenérica** é un refinamento de **Tipo de centro**). Pódese dar só o **Tipo de centro** cando se descoñeza ou non se utilice a **Denominación xenérica**.



BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO

ANO CCCXLIII

MARTES 1 DE ABRIL DE 2003

SUPLEMENTO NÚM. 6 EN LINGUA GALEGA

FASCÍCULO SEGUNDO

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

4928 *REAL DECRETO 293/2003, do 7 de marzo, relativo á utilización de determinados derivados epoxídicos en materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos. («BOE» 60, do 11-3-2003.)*

O Real decreto 1125/1982, do 30 de abril, aprobou a Regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de materiais poliméricos en relación cos produtos alimenticios e alimentarios. O citado real decreto foi modificado posteriormente polo Real decreto 668/1990, do 25 de maio, para incluír no seu ámbito de aplicación os revestimentos a base de pinturas e vernices, así como para harmonizala Directiva 89/109/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1988, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros sobre os materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con produtos alimenticios, prevendo todo o referente ó envasado e á etiquetaxe.



MINISTERIO
DE LA PRESIDENCIA